

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE CONSULTA PÚBLICA

CONSULTA PREVIA Á ORDENANZA FISCAL POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE LIMPEZA DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza Fiscal municipal pola prestación de Servizos de limpeza de pozos negros e fosas sépticas, solícítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación no correo electrónico participacionciudad@ponteareas.gal ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	Ofertar un servizo municipal de valeirado de fosas sépticas e pozos negros naqueles lugares e parroquias que non contén con rede de saneamento.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	O Concello aprobou en Pleno crear unha partida económica para financiar este servizo.
Obxectivos da norma	Tratar adecuadamente nunha estación depuradora as augas dos pozos negros e fosas sépticas e cun custe económico, por cada valeirado, similar ao custe anual do servizo de saneamento que asume cada veciño, nas zonas nas que si se conta con rede municipal de saneamento.
Posibles solucións alternativas	Non hai alternativas non regulatorias



regulatorias e non regulatoria.	que permitan atender a necesidade apuntada
---------------------------------	---

M. Cristina Fernández Davila.
Alcaldesa en Funcións por Delegación

